



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 13 de xuño de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 6 de xuño de 2018.
2. Modifícase o erro apreciado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/09/17 de concesión de licenza de legalización de obras de ampliación de vivenda dúplex sita en Jaime Janer nº 24, 4ªA, de xeito que onde di "*mediante adición dun trasteiro superior*", debe dicir "*mediante adición de tres trasteiros superiores*".
3. Apróbase o proxecto de "Humanización da rúa Concepción Arenal, entre a rotonda das Anclas e a rúa José Trasande. Marín", cun orzamento total de 921.873,30 euros, incluído no convenio de colaboración asinado o 28/03/18 entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Marín para o acondicionamento da PO-546.
4. Iníciase o expediente de contratación das obras de "Humanización da rúa Inferniño entre a rúa Camiño Cemiterio Vello e a rúa Concepción Arenal", cun orzamento base de licitación de 299.695,67 euros, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
5. Dáse conta da acta de recepción das obras de "Humanización da Travesía Jaime Janer, levadas a cabo pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, segundo convenio asinado con data 18/08/2016 co Concello de Marín, asumindo o concello as obrigas de explotación e conservación das devanditas obras.
6. Solicítase subvención con cargo ó Plan de Remodelación e Mellora da Seguridade dos viarios municipais (Plan Depo-Remse), con destino ó investimento "Humanización da rúa A Estrada, entre Avda. Ourense e a rúa Méndez Núñez", por importe de 305.573,18 euros, comprometendo o Concello a achega de 76.393,30 euros.
7. Dáse conta da adxudicación do uso temporal das instalacións xuvenís en réxime de oferta concertada durante a campaña de verán 2018, da Consellería de Política Social.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Concédese licenza de obras para o acondicionamento interior do ático F, con cambio de uso de trasteiro a vivenda, no Canellón Torres, portal nº4, Marín.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000250BC00W3P5M4E7D0J5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190151740
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 14/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/01/2019 15:18:50	Fecha: 14/01/2019 Hora: 15:18